

A continuación infórmase dos acordos da reunión en sesión ordinaria do Consello de Goberno, que tivo lugar o día 29 de abril de 2021 na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo, que poden ser do seu interese:

- * Aprobación da acta correspondente á sesión ordinaria do 12 de marzo de 2021.
- * Aprobación do calendario académico do CUD-ENM para o curso 2021-2022.
- * Aprobación do acordo das Universidades Públicas do Sistema Universitario de Galicia sobre os procedementos de admisión aos estudos universitarios oficiais de grao do SUG para o curso 2021-22.
- * Aprobación da modificación do PCEO Turismo-Xeografía e Historia.
- * Aprobación das declaracións de interese de verificación/modificación de títulos de grao, máster e doutoramento.
- * Aprobación do plan de recoñecemento da docencia en galego.
- * Aprobación de primeiras edicións de cursos de especialista:
 - Curso de especialista internacional en termalismo e spa
 - Curso de especialista en dereito laboral e da seguridade social
- * Autorización dunha solicitude de comisión de servizos no Departamento de Dereito público: Pablo Menéndez García.
- * Inadmisión do recurso potestativo de reposición fronte ao Acordo do Consello de Goberno, do 12 de marzo de 2021, polo que se aproba a normativa de elaboración do POD.
- * Aprobación da proposta de incorporación da Universidade de Vigo á agrupación sen ánimo de lucro SIGMA-AIE, para a súa posterior elevación ao Consello Social.
- * Aprobación do regulamento de prácticas académicas externas do alumnado da Universidade de Vigo.
- * Aprobación do regulamento de comisión de ética (CETIC) da Universidade de Vigo.
- * Aprobación da convocatoria para 2021 de axudas de investigación e de mobilidade propias da Universidade de Vigo.
- * Aprobación do convenio polo que se crea o consorcio de CITMAGA e dos seus estatutos.
- * Elección de representantes na Comisión de Estudos Propios:
 - Persoal docente e investigador:
 - Ámbito humanidades e creación artística:
 - José Francisco Asís Montero Reguera
 - Estudantes:
 - Adolfo Bendoiro Mato (representante do PUM)
 - Daniel Couto Cancela

O secretario xeral

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación da presente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.